

Campus de Ourense

Facultade
de Ciencias

Grao en Enxeñaría
Agraria

Rama de coñecemento

Enxeñaría e arquitectura

Prazas

45

Créditos ECTS anuais

60

Créditos ECTS totais

240

Descrición

O Grao en Enxeñaría Agraria forma profesionais con amplos coñecementos científicos e tecnolóxicos e capacitaos para desenvolver actividades no sector agrario e alimentario.

Os estudos recibidos facultan para proxectar, executar e dirixir instalacións e explotacións comprendidas nas ramas agrícola e da industria de transformación de produtos.

Áreas

— Industrias agrarias: planificación e desenvolvemento de industrias agrarias, xestión de cooperativas, dirección e xerencia de industrias agropecuarias, incremento da eficacia e produtividade das propiedades agrícolas, transformación dos produtos obtidos da natureza noutros de máis valor a través de industrias agrícolas...

— Industrias alimentarias: procesos de elaboración de produtos alimentarios, proxección e dirección de obras do sector alimentario, planificación e desenvolvemento de industrias alimentarias, comercialización e mercadotecnia de produtos alimentarios.

— Consultoría, xestoría: estudos de viabilidade e investimentos agrarios, asesoría técnica, análises de viabilidade económica, asesoramento e xestión de subvencións, valoracións e peritaxes, realización de estudos e informes.

— Calidade: control de calidade, control de produción e desenvolvemento de novos produtos, control de procesos, análise e control de materias primas e produtos alimentarios, mellora de produtos agrarios e de gandaría.

— Outros: xestión de recursos hídricos e outros recursos naturais, tecnoloxía e xestión ambiental.

Saídas profesionais

— Industrias agrarias
— Alimentarias
— Conserveiras

— Vinícolas
— Proxectos e peritaxes

Mencións

— Industrias agrarias e alimentarias

— Hortofruticultura e xardinaría
